

# **SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO S.A.**

## **Informe de Auditoría e Contas Anuais de Pemes do exercicio anual pechado ao 31 de decembro do 2014**

**SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO  
TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO S.A.**

**Informe de auditoría independiente  
de cuentas anuales**

## INFORME DE AUDITORÍA INDEPENDIENTE DE CUENTAS ANUALES

Al Ayuntamiento de Santiago de Compostela, Accionista Único de “Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A.”, por encargo del Director Gerente

### **Informe sobre las cuentas anuales**

Hemos auditado las cuentas anuales adjuntas de Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. que comprenden el balance a 31 de diciembre de 2014, la cuenta de pérdidas y ganancias, el estado de cambios en el patrimonio neto y la memoria correspondientes al ejercicio terminado en dicha fecha.

### **Responsabilidad de los Administradores en relación con las cuentas anuales**

Los Administradores son responsables de formular las cuentas anuales adjuntas, de forma que expresen la imagen fiel del patrimonio, de la situación financiera y de los resultados de Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A., de conformidad con el marco normativo de información financiera aplicable a la entidad en España, que se identifica en la nota 2.1 de la memoria adjunta, y del control interno que consideren necesario para permitir la preparación de cuentas anuales libres de incorrección material, debida a fraude o error.

### **Responsabilidad del auditor**

Nuestra responsabilidad es expresar una opinión sobre las cuentas anuales adjuntas basada en nuestra auditoría. Hemos llevado a cabo nuestra auditoría de conformidad con la normativa reguladora de la auditoría de cuentas vigente en España. Dicha normativa exige que cumplamos los requerimientos de ética, así como que planifiquemos y ejecutemos la auditoría con el fin de obtener una seguridad razonable de que las cuentas anuales están libres de incorrecciones materiales.

Una auditoría requiere la aplicación de procedimientos para obtener evidencia de auditoría sobre los importes y la información revelada en las cuentas anuales. Los procedimientos seleccionados dependen del juicio del auditor, incluida la valoración de los riesgos de incorrección material en las cuentas anuales, debida a fraude o error. Al efectuar dichas valoraciones del riesgo, el auditor tiene en cuenta el control interno relevante para la formulación por parte de la entidad de las cuentas anuales, con el fin de diseñar los procedimientos de auditoría que sean adecuados en función de las circunstancias, y no con la finalidad de expresar una opinión sobre la eficacia del control interno de la entidad. Una auditoría también incluye la evaluación de la adecuación de las políticas contables aplicadas y de la razonabilidad de las estimaciones contables realizadas por la dirección, así como la evaluación de la presentación de las cuentas anuales tomadas en su conjunto.

Consideramos que la evidencia de auditoría que hemos obtenido proporciona una base suficiente y adecuada para nuestra opinión de auditoría.

## Opinión

En nuestra opinión, las cuentas anuales adjuntas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera de Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. a 31 de diciembre de 2014, así como de sus resultados correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo.

A3M Auditores & Consultores del Noroeste, S.L.  
Inscrita en el R.O.A.C. Nº S2300



A3M Auditores  
&  
Consultores del Noroeste, S.L.  
CIF B70419510

ROAC Nº S-2300

M. Beatriz Eiroa Álvarez

1 de abril de 2015

**SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO  
TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO S.A.**

**Balance, Conta de Perdas e Ganancias e  
Estado de Cambios no Patrimonio Neto de Pemes  
correspondentes ao exercicio anual pechado  
o 31 de decembro do 2014**

## BALANCE DE PEMES AO PECHE DO EXERCICIO 2014

ACTIVO	NOTAS DA MEMORIA	31/12/2014	31/12/2013
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>		<b>199.488,96</b>	<b>257.320,48</b>
I. Inmobilizado intanxible	nota 5	8.529,16	12.289,32
II. Inmobilizado material	nota 5	181.144,67	217.635,26
V. Investimentos financeiros a L/P	nota 6	0,00	32,46
VI. Activos por imposto diferido	nota 9	9.815,13	27.363,44
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>		<b>701.685,16</b>	<b>602.608,73</b>
II. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	nota 6	114.239,98	137.141,50
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		95.556,21	117.169,10
3. Outros debedores		18.683,77	19.972,40
V. Periodificacións a curto prazo		1.933,29	2.226,33
VI. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		585.511,89	463.240,90
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>		<b>901.174,12</b>	<b>859.929,21</b>

PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS DA MEMORIA	31/12/2014	31/12/2013
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>		<b>731.911,43</b>	<b>679.266,51</b>
<b>A-1) Fondos Propios</b>	nota 8	<b>731.911,43</b>	<b>679.266,51</b>
I. Capital		60.101,21	60.101,21
1. Capital escriturado		60.101,21	60.101,21
III. Reservas		582.444,51	641.354,87
VI. Outras achegas de socios		36.720,79	36.720,79
VII. Resultado do exercicio		52.644,92	-58.910,36
<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	nota 7	<b>2.078,27</b>	<b>2.078,27</b>
II. Débedas a longo prazo		2.078,27	2.078,27
3. Outras débedas a longo prazo		2.078,27	2.078,27
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	nota 7	<b>167.184,42</b>	<b>178.584,43</b>
II. Débedas a curto prazo		7.971,15	15.122,37
3. Outras débedas a curto prazo		7.971,15	15.122,37
IV. Acredores comerciais e outras contas a pagar		159.213,27	163.462,06
2. Outros acredores		159.213,27	163.462,06
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)</b>		<b>901.174,12</b>	<b>859.929,21</b>

As notas 1 a 14 descritas na Memoria adxunta forman parte integrante do balance de situación a 31-12-2014

**CONTA DE PERDAS E GANANCIAS DE PEMES**  
**CORRESPONDENTE AO EXERCICIO REMATADO O 31/12/2014**

(DEBE/HABER)	NOTAS DA MEMORIA	31/12/2014	31/12/2013
1. Importe neto da cifra de negocios		1.252.078,87	1.226.843,66
5. Outros ingresos de explotación		100.972,01	95.646,47
6. Gastos de persoal	nota 10-1	-793.127,14	-769.481,10
7. Outros gastos de explotación	nota 10-2	-448.050,04	-484.094,94
8. Amortización do inmovilizado	nota 5	-49.145,52	-88.059,48
11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado	nota 5	-507,63	-64.379,94
12. Outros resultados	nota 10-3	5.873,49	2.578,35
<b>A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN</b>		<b>68.094,04</b>	<b>-80.946,98</b>
13. Ingresos financeiros		2.099,19	2.399,83
<b>B) RESULTADO FINANCEIRO</b>		<b>2.099,19</b>	<b>2.399,83</b>
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS</b>		<b>70.193,23</b>	<b>-78.547,15</b>
18. Imposto sobre beneficios	nota 9	-17.548,31	19.636,79
<b>D) RESULTADO DO EXERCICIO</b>		<b>52.644,92</b>	<b>-58.910,36</b>

As notas 1 a 14 descritas na Memoria adxunta forman parte integrante da Conta de perdas e ganancias a 31-12-2014

**B) ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO DE PEMES**  
**CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO REMATADO AO 31/12/2014**

	Capital	Reservas	Outras achegas de socios	Resultado do exercicio	TOTAL
<b>A. SALDO FINAL DO ANO 2012</b>	<b>60.101,21</b>	<b>621.174,51</b>	<b>36.720,79</b>	<b>32.804,83</b>	<b>750.801,34</b>
<b>B. SALDO AXUSTADO, INICIO DO ANO 2013</b>	<b>60.101,21</b>	<b>621.174,51</b>	<b>36.720,79</b>	<b>32.804,83</b>	<b>750.801,34</b>
I. Resultado da conta de Perdas e Ganancias	0,00	0,00	0,00	-58.910,36	-58.910,36
IV. Outras variacións do patrimonio neto	0,00	20.180,36	0,00	-32.804,83	-12.624,47
<b>C. SALDO FINAL DO ANO 2013</b>	<b>60.101,21</b>	<b>641.354,87</b>	<b>36.720,79</b>	<b>-58.910,36</b>	<b>679.266,51</b>
<b>D. SALDO AXUSTADO, INICIO DO ANO 2014</b>	<b>60.101,21</b>	<b>641.354,87</b>	<b>36.720,79</b>	<b>-58.910,36</b>	<b>679.266,51</b>
I. Resultado da conta de Perdas e Ganancias	0,00	0,00	0,00	52.644,92	52.644,92
IV. Outras variacións do patrimonio neto	0,00	-58.910,36	0,00	58.910,36	0,00
<b>E. SALDO FINAL DO ANO 2014</b>	<b>60.101,21</b>	<b>582.444,51</b>	<b>36.720,79</b>	<b>52.644,92</b>	<b>731.911,43</b>

**SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO  
TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO S.A.**

**Memoria de Pemes correspondente ao  
exercicio anual pechado o  
31 de decembro do 2014**



**SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO  
TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO, S.A. (TUSSA)**

**MEMORIA DE PEMES  
DO EXERCICIO TERMINADO AO 31 de decembro de 2014**

**NOTA 1. ACTIVIDADE DA EMPRESA**

A empresa “**Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A.**” (en adiante referirémonos como a Sociedade ou como TUSSA) constituíuse en Santiago de Compostela, o día 16 de abril de 1999, por un período de tempo indefinido. O domicilio social establécese en Santiago de Compostela, na praza do Obradoiro, s/n. A sociedade está inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, no Tomo 2237, Folio 94, Folla C-22761.

O obxecto social da empresa é a instrumentación das políticas de transporte público urbano de viaxeiros, en Santiago de Compostela e de coordinación doutros sistemas de transporte que serven ás necesidades da cidade.

En concreto constitúen o obxecto social da empresa, entre outros os seguintes:

- a) A administración, a través dos medios habilitados pola normativa vixente, do transporte urbano colectivo, tanto sexan de superficie como soterrados ou aéreos, calquera que fora o tipo de vehículo, o seu medio de tracción ou emprazamento, e en particular, a xestión, por conta do Concello, dos contratos públicos que esta teña, en cada momento en vigor.
- b) Estudo e planificación do transporte no ámbito municipal.
- c) Inspección e control das liñas de transporte urbano, así coma o asesoramento ao Concello en todos os aspectos relacionados coas mesmas.
- d) A colaboración e participación no estudo, a coordinación, supervisión, e/ou xestión do transporte colectivo de viaxeiros no ámbito supramunicipal, cando para tales actuacións sexa competente o Excmo. Concello de Santiago.
- e) A xestión, construción e establecemento de aparcadoiros de superficie ou soterrados directamente -por si ou agrupada con outras entidades públicas ou privadas- ou indirectamente- mediante a constitución ou subscripción de accións ou participacións de sociedades con obxecto social idéntico ou semellante- tanto en vías ou terreos de uso público, de propiedade municipal como de dominio privado; en todo caso previa autorización ou encomenda polo Excmo. Concello Pleno.

f) A xestión, explotación e administración de estacións de autobuses, directamente -por si ou agrupada con outras entidades públicas ou privadas- ou indirectamente -mediante a constitución ou subscripción de accións ou participacións en sociedades con obxecto social idéntico ou semellante- previa autorización ou encomenda do Excmo. Concello Pleno.

g) A produción e prestación, no caso e no momento no que o Concello o considere oportuno, dos servizos urbanos de transporte colectivo de viaxeiros con medios propios.

h) Cantas actividades ou funcións sexan anexas e complementarias das relacionadas.

Ademais das actividades mencionadas anteriormente, a Sociedade:

Previo autorización ou encomenda do Excmo. Concello de Santiago, realiza a explotación de varios de aparcadoiros de superficie e soterrados, así como da Dársena de autocares, mediante o sistema de xestión directa, en bens de dominio público, os cales son de propiedade municipal, afectos ao servizo público, se ben dentro da explotación do servizo deben incluírse as concretas tarefas de conservación de ditos bens. As encomendas de xestión son as seguintes:

- Aparcadoiro de Xoán XXIII, segundo acordo do pleno da corporación de data 31 de maio de 2001. O inicio efectivo das operacións por parte de TUSSA será a partir do 1 de xullo de 2001. Non se establece ningún prazo para o fin da encomenda de xestión.
- Aparcadoiro de Belvís, segundo acordo do pleno da corporación de data 27 de novembro de 2003, por un prazo de dous anos, renovable por períodos anuais, tendo como horizonte temporal máximo a execución dun novo aparcadoiro de maior capacidade na zona.
- Dársena Xoán XXII, segundo acordo do pleno da corporación de data 28 de outubro de 2004. Non se establece ningún prazo para o fin da encomenda de xestión.

Así mesmo, mediante outorgamento en escritura pública de data 30 de xuño de 2005, o Excmo. Concello de Santiago, cede gratuitamente á Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, SA, (TUSSA) que acepta, a concesión da explotación do servizo público da estación de autobuses de Santiago de Compostela, polo período que resta ata o remate da concesión, é dicir, ata o 31 de maio de 2046.

Por encomenda do Excmo. Concello de Santiago, a Sociedade realiza dende o 24 de xullo de 2010 a explotación do aparcadoiro de borde en Salgueiriños. A parcela na que se sitúa o aparcadoiro foi cedida pola Xunta de Galicia ao Excmo. Concello de Santiago e acondicionada para o seu uso polo mesmo. As xestións realizadas referentes a esta encomenda son:

- Inicialmente foi concedida por 5 meses, se ben o 23 de decembro de 2010 a Xunta de Goberno Local acordou prorrogar a encomenda de xestión ata o 31 de xaneiro de 2011 nas mesmas condicións.
- Con data 21 de febreiro de 2011 a Xunta de Galicia (Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio) outorgou un novo permiso de ocupación temporal a favor do Concello para destinar o inmovible a aparcamento de borde ata o 31 de decembro de 2011.

- Con data 4 de novembro de 2011 a citada Secretaría Xeral, outorgou un novo permiso de ocupación temporal a favor do Concello con destino a aparcamento de borde ata o 31 de decembro de 2012. Unha vez renovados os permisos de ocupación a favor do Concello, por parte da Xunta de Galicia, en data 21 de novembro de 2011 a Xunta de Goberno Local acordou prorrogar a encomenda da explotación do aparcadoiro de borde de Salgueiriños á sociedade TUSSA, ata o 31 de decembro de 2012.
- No exercicio 2012 a sociedade TUSSA solicitou novamente ao Concello a ampliación da prórroga durante un ano máis, isto é, ata o 31 de decembro de 2013. Con data 26 de decembro de 2012 a Xunta de Galicia (Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio) outorgou un novo permiso de ocupación temporal a favor do Concello para destinar o inmovible a aparcamento público ata o 31 de decembro de 2013, e a posibilidade de prorrogar un ano máis dito permiso, previo acordo favorable da Consellería de Facenda. Neste sentido, o Concello comunicou a TUSSA que continuase a encomenda da explotación do aparcadoiro de borde de Salgueiriños ata o 31 de decembro de 2013.
- En data 29 de novembro de 2013, a sociedade TUSSA solicitou novamente ao Concello a ampliación da prórroga da encomenda da explotación do aparcadoiro de borde de Salgueiriños durante un ano máis, isto é, ata o 31 de decembro de 2014. Esta solicitude foi aceptada pola Xunta de Goberno Local.
- No exercicio 2014, debido á imposibilidade de seguir facendo prórrogas en canto á ocupación da parcela na que se sitúa o aparcadoiro de borde de Salgueiriños, comezáronse os trámites co Concello para solicitar á Xunta de Galicia unha concesión demanial sobre a parcela. Actualmente, dita xestión encóntrase sen resolver, ocupando dita parcela en precario.

En sesión ordinaria de data 19 de xaneiro de 2010, a Xunta de Goberno Local acordou adscribir temporalmente á empresa municipal TUSSA, as parcelas DEM-13 e DP.-DI-2 do "SUP-6 SANTA MARTA" para que nelas implante e xestione un aparcadoiro en superficie de uso público, quedando a adscripción suxeita ás seguintes condicións:

- A adscripción non altera a titularidade municipal destas parcelas, nin a súa cualificación xurídica.
- A adscripción ten carácter finalista, polo que durante o tempo que dure esta, as parcelas obxecto da mesma deberán destinarse por TUSSA á implantación e xestión dun aparcadoiro en superficie de uso público.
- A adscripción é provisional ou temporal e terá unha duración de 4 anos, prorrogables a dous máis, a contar desde a publicación do acordo de 29-10-09 de ampliación do uso das parcelas obxecto de adscripción, que se efectuou no BOP de 9 de decembro de 2009.
- O 2 de decembro de 2013 o Consello de Administración acordou a solicitude da prórroga da adscripción das parcelas por dous anos máis, que foi aprobada pola Xunta de Goberno Local o 12 de decembro de 2013.

Os dereitos de uso correspondentes ás parcelas adscritas non se recollen no balance de situación adxunto, dada a dificultade que existe na determinación do valor razoable dos mesmos de maneira fiable, segundo parámetros indicados tanto no plan contable de 2007, como na Orde "EHA/733/2010, de 25 de marzo, pola que se aproban aspectos contables das empresas públicas que operan en determinadas circunstancias".

En sesión extraordinaria de data 22 de xuño de 2012, a Xunta de Goberno Local acordou, entre outros os seguintes:

- 1) Adscribir á TUSSA, os elementos do "Sistema de Axuda á Explotación" do transporte (SAE) propiedade do Concello de Santiago de Compostela, valorados en 180.000 euros (IVE engadido).
- 2) Adscribir á TUSSA, os equipos do sistema de monética, valorados en 8.085,00 euros.

Así mesmo, na mesma sesión acordouse ratificar a cesión en uso do SAE a varias empresas de transporte valorándose globalmente dita cesión en 149.000 euros (IVE engadido), polo que o valor real de adscrición á empresa TUSSA, é de 31.000 euros (IVE engadido).

O dereitos de uso correspondentes ós elementos adscritos a sociedade TUSSA, non se recollen no balance de situación adxunto ó 31 de decembro de 2014, nin tampouco se recolleron no exercicio 2013, dado que se descoñece o valor neto contable dos mesmos e o período de adscrición.

### **Outra información**

A Sociedade non está obrigada legalmente a someter a auditoría as contas anuais do exercicio 2014, nin tampouco o estivo no exercicio 2013.

Réxime Legal: Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital.

A Entidade non participa en ningunha outra sociedade, nin ten relación algunha con outras entidades coas cales se poida establecer unha relación de grupo ou asociada de acordo cos requisitos establecidos no Art. 42 do Código de Comercio e nas Normas 11ª e 13ª da Terceira Parte do Real Decreto 1515/2007 polo que se aprobou o Plan Xeral de Contabilidade.

En relación a norma 13ª da Terceira Parte do Real Decreto 1515/2007 polo que se aprobou o Plan Xeral de Contabilidade, debemos indicar que a sociedade foi constituída por unha Administración Pública Local, sendo por tanto, o seu único socio o Concello de Santiago de Compostela.

## **NOTA 2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS**

### **2-1. Imaxe fiel**

As Contas Anuais do exercicio 2014 adxuntas formuláronse polo Consello de Administración a partir dos rexistros contables da Sociedade a 31 de decembro de 2014 e nelas aplicáronse os

principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1515/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de PEMES (en adiante PXCP) e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, e amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade.

Non existen razóns excepcionais polas que, para mostrar a imaxe fiel, non se aplicaron disposicións legais en materia contable.

As contas anuais correspondentes ao exercicio 2014 están pendentes de aprobación pola Xunta Xeral de Accionistas. Non obstante, o Consello de Administración estima que non se producirán modificacións no proceso de aprobación das mesmas. Por outra parte, as contas anuais do exercicio 2013 aprobáronse na Xunta Xeral de Accionistas celebrada o día 28 de maio de 2014.

## 2-2. Principios contables non obrigatorios aplicados

Non se aplicaron principios contables non obrigatorios. Adicionalmente, o Consello de Administración formulou estas contas anuais tendo en consideración a totalidade dos principios e normas contables de aplicación obrigatoria que teñen un efecto significativo nas devanditas contas anuais. Non existe ningún principio contables que sendo obrigatorio deixe de aplicarse.

## 2-3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza

A Sociedade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Nas contas anuais adxuntas utilizáronse ocasionalmente estimacións realizadas polo Consello de Administración da Sociedade para cuantificar algúns dos activos, pasivos, ingresos, gastos e compromisos que figuran rexistrados nela. Basicamente, estas estimacións refírense a:

- Vida útil dos activos materiais e intanxibles para uso propio. (Nota 4)
- A valoración dos activos para determinar a existencia de perdas por deterioro dos mesmos, en concreto en relación a clientes e debedores.

É posible que, a pesar de que estas estimacións se realizaron en función da mellor información dispoñible á data de formulación destas contas anuais sobre os feitos analizados, se produzan acontecementos no futuro que obriguen a modificarlas (á alza ou á baixa) en próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas de perdas e ganancias futuras.

## 2-4. Comparación da información

De acordo coa lexislación mercantil, o Consello de Administración presenta a efectos comparativos con cada unha das partidas do Balance de PEMES, da Conta de Perdas e Ganancias de PEMES e do Estado de Cambios no Patrimonio Neto de PEMES, ademais das cifras do exercicio 2014, as

correspondentes ao exercicio anterior. As partidas de ambos exercicios son comparativas e homoxéneas.

Non existiron razóns excepciónais que xustificaran un cambio na estrutura do Balance de PEMES, da Conta de Perdas e Ganancias de PEMES e do Estado de Cambios no Patrimonio Neto de PEMES.

### 2-5. Cambios en criterios contables

Non se realizaron no exercicio axustes ás contas anuais do exercicio 2014 por cambios de criterios contables.

### 2-6. Corrección de erros

Na elaboración das contas anuais adxuntas non se detectou error significativo que supuxera a reexpresión dos importes incluídos nas contas anuais do exercicio 2013.

### 2-7. Importancia relativa

Ao determinar a información a desagregar na presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, a Sociedade, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tivo en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais do exercicio 2014.

## NOTA 3. APLICACIÓN DE RESULTADOS

O Consello de Administración propondrá á Xunta Xeral a aprobación da distribución de resultados do exercicio 2014, que se indica a continuación. A distribución de resultados do exercicio 2013, acordouse na Xunta Xeral celebrada o día 28 de maio de 2014.

<b>Base de reparto</b>	<b>Exercicio 2014</b>	<b>Exercicio 2013</b>
Perdas e ganancias (BENEFICIOS)	52.644,92	0,00
Perdas e ganancias (PERDAS)	0,00	-58.910,36
<b>TOTAL BASE DE REPARTO</b>	<b>52.644,92</b>	<b>-58.910,36</b>
<b>Distribución</b>	<b>Exercicio 2014</b>	<b>Exercicio 2013</b>
Reservas Estatutarias	52.644,92	-58.910,36
<b>TOTAL DISTRIBUCIÓN</b>	<b>52.644,92</b>	<b>-58.910,36</b>

A distribución de resultados cumpre cos requisitos e limitacións establecidas nos estatutos da Sociedade e na normativa legal vixente.

Non se distribuíron dividendos a conta no exercicio 2014.



**NOTA 4. CRITERIOS E NORMAS DE VALORACIÓN**

As principais normas de rexistro e valoración utilizadas pola Sociedade na elaboración das súas contas anuais no exercicio 2014, de acordo coas establecidas polo Plan Xeral de Contabilidade de Pemes, foron as seguintes:

**4-1. Inmobilizado intanxible**

Como norma xeral, o inmobilizado intanxible valórase inicialmente polo seu prezo de adquisición ou custo de produción. Posteriormente valórase ao seu custo minorado pola correspondente amortización acumulada e, no seu caso, polas perdas por deterioración que experimente. Os devanditos activos amortízanse en función da súa vida útil.

Para cada inmobilizado intanxible analízase e determínase se a vida útil é definida ou indefinida. Non existe ningún inmobilizado intanxible na sociedade con vida útil indefinida.

As contas incluídas no apartado de inmobilizado intanxible son:

- 206. Aplicacións informáticas e gastos de desenvolvemento de páxina web

A Sociedade rexistra nesta conta os custos da adquisición de programas informáticos, incluídos os custos de desenvolvemento da páxina web.

Os custos de mantemento das aplicacións informáticas rexístranse na conta de perdas e ganancias do exercicio en que se incorren.

A dotación anual á amortización calcúlase polo método lineal, estimando un valor residual nulo, e segundo as seguintes porcentaxes:

TIPO DE ACTIVO	VIDA ÚTIL (anos)	PORCENTAXES
Aplicacións informáticas	4 e 3	25% e 33%

Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados ao peche de cada exercicio e se procede, son axustados de forma prospectiva.

Deterioro de valor de inmobilizado intanxible

Ao peche do exercicio ou sempre que existan indicios de perdas de valor, a Sociedade revisa os importes en libros dos seus activos intanxibles para determinar se existen indicios de que ditos activos sufran unha perda por deterioración de valor. Se existe calquera indicio, o importe recuperable do activo calcúlase co obxecto de determinar o alcance da perda por deterioro de valor (se a houbese). No caso de que o activo non xere fluxos de efectivo por si mesmo, que sexan

independentes doutros activos, a Sociedade calculará o importe recuperable da unidade xeradora de efectivo á que pertence o activo.

O importe recuperable é o valor superior entre o valor razoable menos o custo de venda e o valor en uso.

No exercicio 2014 a Sociedade non rexistrou perdas por deterioro do inmovilizado intanxible.

#### 4-2. Inmovilizado material

Inicialmente valórase ao seu prezo de adquisición ou ao seu custo de produción que inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquera desconto ou rebaixa no prezo, todos os gastos adicionais e directamente relacionados que se produzan ate a súa posta en funcionamento, como os gastos de explanación e derriba, transporte, seguros, instalación, montaxe e outros similares.

A Sociedade inclúe no custo do inmovilizado material que necesita un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, explotación ou venda, os gastos financeiros relacionados co financiamento específico ou xenérico, directamente atribuíble á adquisición, construción ou produción. Forma parte tamén do valor do inmovilizado material, a estimación inicial do valor actual das obrigacións asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociadas ao activo, tales como custos de rehabilitación, cando estas obrigacións dan lugar ao rexistro de provisiones.

As cantidades entregadas a conta de adquisicións futuras de bens de inmovilizado material, rexístranse no activo e os axustes que xurdan pola actualización do valor do activo asociado ó anticipo dan lugar ó recoñecemento de ingresos financeiros, conforme se devenguen. A tal efecto utilízase o tipo de interese incremental do provedor existente no momento inicial, é dicir, o tipo de interese ó que o provedor podería financiarse en condicións equivalentes ás que resultan do importe recibido, que non será obxecto de modificación en posteriores exercicios. Cando se trate de anticipos con vencemento non superior a un ano e cuxo efecto financeiro non sexa significativo, non será necesario levar a cabo ningún tipo de actualización.

A Sociedade non ten compromisos de desmantelamento, retiro ou rehabilitación para os seus bens de activo, que sexan significativos en relación ás contas anuais. Por iso non se contabilizaron nos activos valores para a cobertura de tales obrigacións de futuro.

Posteriormente valórase ao seu custo minorado pola correspondente amortización acumulada e, no seu caso, polas perdas por deterioración que experimente. Os devanditos activos amortízanse en función da súa vida útil.

Os gastos realizados durante o exercicio con motivo das obras e traballos efectuados pola Sociedade, cargaranse nas contas de gastos que correspondan. Os custos de ampliación ou mellora que dan lugar a un aumento da capacidade produtiva ou a un alongamento da vida útil dos bens, son incorporados ao activo como maior valor do mesmo.



No caso de renovacións do inmovilizado, a Sociedade aplica o estipulado no apartado Segundo.2.2 da Resolución de 1 de marzo de 2013 da Presidenta do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas pola que se ditan normas de rexistro e valoración do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios. As renovacións recoñécense e valóranse de acordo cos seguintes criterios:

- a) Capitalizarase, integrándose como maior valor do inmovilizado material, o importe das renovacións efectuadas de acordo co prezo de adquisición ou, no seu caso, co custo de produción, sempre que se cumpran as condicións para o seu recoñecemento establecidas na primeira parte do Plan Xeral de Contabilidade.
- b) Simultaneamente á operación anterior, darase de baixa o elemento substituído, a amortización acumulada e as perdas por deterioro de valor, rexistrándose, no seu caso, o correspondente resultado producido nesta operación, pola diferenza entre o valor contable resultante e o produto recuperado.
- c) Se a renovación afectase a unha parte dun inmovilizado cuxo valor en libros non poida identificarse claramente, o custo da renovación poderá tomarse como indicativo de cal era o custo do elemento que se substitúe.

A amortización dos elementos do inmovilizado material realízase, desde o momento no que están dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de forma lineal durante a súa vida útil estimada, estimándose un valor residual nulo, e segundo o seguinte detalle:

TIPO DE ACTIVO	VIDA ÚTIL (anos)	PORCENTAXES
Construcións lixeiras	14 e 13	7% e 8%
Construcións en aparcamento en Santa Marta	4,83	20,70%
Instalacións técnicas	13, 8 e 4	8%, 12% e 25%
Maquinaria	8	12%
Outras instalacións	13, 8 e 3	8%, 12% e 33%
Mobiliario	10	10%
Equipo proceso datos	4	25%
Elementos transporte	6 e 3	16 % e 32%
Outro inmovilizado material	20, 10, 8 e 4	5% , 10%, 12% e 25%

Tal como se indica na **Nota 1**, as parcelas DEM-13 e DP.-DI-2 do "SUP-6 SANTA MARTA" quedaron adscritas a TUSSA para implantar e xestionar un aparcadoiro en superficie de uso público. A Sociedade realizou sobre estas parcelas un investimento de 182.301,62 euros en concepto de acondicionamento das mesmas para o fin mencionado, que foi rexistrado como inmovilizado material. A adscrición tiña unha duración inicial de 4 anos, prorrogables a dous máis. Inicialmente, no exercicio 2010, a Sociedade considerou a vida útil deste investimento ata o ano 2013, debido a que non existía intención de executar a opción de prórroga. Non obstante, no exercicio 2011 a Sociedade mudou de intención, sendo esta a de prorrogar esta adscrición os dous anos opcionais, é dicir, ata outubro de 2015, e por tanto, incrementouse a vida útil dos citados activos ata esta data.

En data de 12 de decembro de 2013, a Xunta de Goberno Local aprobou a prórroga dos dous anos opcionais, polo que a vida útil dos investimentos mencionados non sufriu variación algunha.

Deterioro de valor de inmovilizado material

Ao peche do exercicio ou sempre que existan indicios de perdas de valor, a Sociedade revisa os importes en libros dos seus activos materiais para determinar se existen indicios de que ditos activos sufran unha perda por deterioración de valor. Se existe calquera indicio, o importe recuperable do activo calcúlase co obxecto de determinar o alcance da perda por deterioro de valor (se a houbese). No caso de que o activo non xere fluxos de efectivo por si mesmo, que sexan independentes doutros activos, a Sociedade calculará o importe recuperable da unidade xeradora de efectivo á que pertence o activo.

No caso de que o importe recuperable estimado sexa inferior ó valor neto en libros do activo, rexístrase a correspondente perda por deterioro con cargo á conta de perdas e ganancias, reducindo o valor en libros do activo ó seu importe recuperable.

Unha vez recoñecida a corrección valorativa por deterioro ou a súa reversión, axústanse as amortizacións dos exercicios seguintes considerando o novo valor contable.

No exercicio 2014 a Sociedade non registrou perdas por deterioro do inmovilizado material, non obstante, no exercicio 2013 a Sociedade registrou perdas por deterioro do inmovilizado material, por importe de 59.391,30 euros, correspondentes ao valor neto contable do investimento realizado na parcela "SUP-6 SANTA MARTA" que foi adscrita polo Concello de Santiago a TUSSA (ver **Nota 1**), para implantar e xestionar un aparcadoiro en superficie de uso público. Con data de 5 de xullo de 2013 o Consello de Administración acordou a gratuidade do aparcadoiro de borde de Santa Marta dende o 1 de agosto de 2013. En base a este acordo de gratuidade do aparcadoiro, recoñeceu un deterioro en aplicación do establecido no apartado segundo da Resolución de 18 de setembro de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se ditan normas de rexistro e valoración e información a incluír na memoria das contas anuais sobre o deterioro del valor dos activos, e no cal se especifica que o deterioro é:

1. *A perda estimada no valor do activo que representa a dificultade de recuperar, a través do seu uso, da súa su venta ou outra forma de disposición, a totalidade do seu valor contable.*
2. *O importe recuperable dun activo, como expresión dos beneficios ou rendementos económicos futuros que se obterán do mesmo, é a medida de referencia principal para determinar a existencia e contía do deterioro.*

En base a esta norma, a Sociedade registrou un deterioro polo valor neto contable do investimento realizado, debido a que ao establecerse o uso gratuíto deste aparcadoiro, o investimento neto nel realizado perdeu a súa capacidade para obter rendementos económicos futuros, e por tanto, perdeu a capacidade para recuperar o investimento mediante o seu uso. Este deterioro rexistrouse no epígrafe de "Deterioro e resultado por alleamento do inmovilizado" da conta de perdas e ganancias.

Non obstante o anterior, se das circunstancias específicas dos activos se pon de manifesto unha perda de carácter irreversible, esta recoñécese directamente en perdas procedentes do inmovilizado da conta de perdas e ganancias.

Os beneficios ou perdas xurdidos da venda ou retiro dun activo determínanse como a diferenza entre o seu valor neto contable e o seu prezo de venda, recoñecéndose no epígrafe de "Deterioro e resultado por alleamento do inmovilizado" da conta de perdas e ganancias.

#### 4-3. Arrendamentos operativos e financeiros

Os arrendamentos clasifícanse como arrendamentos financeiros sempre que das condicións dos mesmos se deduza que se transfiren ao arrendatario substancialmente os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Os demais arrendamentos clasifícanse como arrendamentos operativos.

- Arrendamento financeiro

A normativa vixente establece que nas operacións de arrendamento financeiro nas que a Sociedade actúa como arrendatario, preséntase o custo dos activos arrendados no balance de situación segundo a natureza do ben obxecto do contrato e, simultaneamente, un pasivo polo mesmo importe. O importe será o menor entre o valor razoable do ben arrendado e o valor actual ao comezo do arrendamento das cantidades mínimas acordadas, incluída a opción de compra, cando non existan dúbidas razoables sobre o seu exercicio. Non se incluírán no seu cálculo as cotas de carácter contingente, o custo dos servizos e os impostos repercutibles polo arrendador.

A carga financeira total do contrato impútase á conta de perdas e ganancias do exercicio en que se devenga, aplicando o método do tipo de interese efectivo. As cotas de carácter contingente recoñécense como gasto do exercicio en que se incorren.

Os activos rexistrados por este tipo de operacións amortízanse con criterios similares aos aplicados ao conxunto dos activos materiais, atendendo á súa natureza.

- Arrendamento operativo

Os ingresos e gastos derivados dos acordos de arrendamento operativo cárganse á conta de perdas e ganancias no exercicio en que se devengan.

Calquera cobro ou pago que puidese realizarse ao contratar un arrendamento operativo tratarase como un cobro ou pago anticipado que se imputará a resultados ao longo do período do arrendamento, a medida que se cedan ou reciban os beneficios do activo arrendado.

#### 4-4. Instrumentos financeiros: activos financeiros e pasivos financeiros

A Sociedade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa.

Por tanto, os instrumentos financeiros que posúe a Sociedade son os seguintes:

- a) **Activos financeiros** aos que resulta de aplicación a presente norma:
- *Créditos por operacións comerciais*: clientes e debedores varios.
  - *Outros activos financeiros*: fianzas, depósitos constituídos e anticipos de persoal.
  - *Efectivo e outros medios líquidos equivalentes*: baixo este epígrafe do balance de situación adxunto rexístrase o efectivo en caixa e bancos, depósitos á vista e outros investimentos a curto prazo de alta liquidez que son rapidamente realizables en caixa e que non teñen risco de cambios no seu valor.

Os activos financeiros a efectos da súa valoración clasifícanse na seguinte categoría:

- **Activos financeiros a custo amortizado**: nesta categoría inclúense os seguintes:
  - 1) **Créditos por operacións comerciais**: clientes e debedores varios que se orixinan na venda de bens e prestación de servizos por operacións de tráfico da empresa.
  - 2) **Outros activos financeiros**: son aqueles activos financeiros que non tendo unha orixe comercial, non son instrumentos de patrimonio nin derivados e cuxos cobros son de contía fixa ou determinable; é dicir, anticipos e créditos ao persoal, fianzas e depósitos constituídos.

#### Valoración inicial

Os activos financeiros incluídos nesta categoría rexístranse inicialmente polo valor razoable da contraprestación entregada máis os custos da transacción que sexan directamente atribuíbles. Non obstante, os activos financeiros con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de interese contractual, porque o seu importe se espera recibir no curto prazo, valóranse polo seu valor nominal, dado que os efectos de non actualizar os fluxos de efectivo non son significativos.

#### Valoración posterior

Os activos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse polo seu custo amortizado. Non obstante, os activos con vencemento non superior a un ano e que de acordo co disposto no apartado anterior se valoren inicialmente polo seu valor nominal, continuarán valorándose por dito importe agás que se tiveran deteriorado.

Cando menos, ao peche do exercicio, a Sociedade realiza un test de deterioración para os activos financeiros que non están rexistrados a valor razoable. Considérase que existe evidencia obxectiva

de deterioración se o valor recuperable do activo financeiro é inferior ao seu valor en libros. Cando se produce, o rexistro desta deterioración rexístrase na conta de perdas e ganancias.

En particular, e respecto das correccións valorativas relativas aos debedores comerciais e outras contas a cobrar, o criterio utilizado pola Sociedade para calcular as correspondentes correccións valorativas é realizar unha análise específica para cada debedor en función da solvencia do mesmo. Polo tanto, os saldos dos clientes e debedores son rexistrados polo seu valor recuperable, é dicir, minorados, polas correccións que permiten cubrir os saldos de certa antigüidade, nos cales concorran circunstancias que permitan razoablemente a súa cualificación como de dubidoso cobro. A 31 de decembro de 2014 non existen saldos debedores con risco de moura para os que non se rexistrase o seu respectivo deterioro de valor.

A Sociedade dá de baixa os activos financeiros cando expiran ou se cederon os dereitos sobre os fluxos de efectivo do correspondente activo financeiro e teñen transferido substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade.

#### Intereses e dividendos recibidos de activos financeiros:

Os intereses e dividendos de activos financeiros devengados con posterioridade ao momento da adquisición recoñécense como ingresos na conta de perdas e ganancias.

b) **Pasivos financeiros** aos que resulta de aplicación a presente norma:

- ✓ *Débitos por operacións comerciais*: provedores e acredores varios.
- ✓ *Débedas con entidades de crédito*.
- ✓ *Outros pasivos financeiros*: fianzas e depósitos recibidos.

Os pasivos financeiros a efectos da súa valoración clasifícanse na seguinte categoría:

- Pasivos financeiros a custo amortizado: nesta categoría inclúense os seguintes:
  - 1) Débitos por operacións comerciais: provedores e acredores varios que se orixinan pola compra de bens e servizos por operacións de tráfico da empresa.
  - 2) Débitos por operacións non comerciais: son aqueles pasivos financeiros que non sendo instrumentos derivados, no teñen unha orixe comercial.

#### Valoración inicial

Os pasivos financeiros incluídos nesta categoría valoráranse inicialmente polo custo, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación recibida axustado polos custos da transacción que sexan directamente atribuíbles. Non obstante, os pasivos financeiros con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de interese contractual, porque o seu importe se espera pagar no curto

prazo, valóranse polo seu valor nominal, dado que os efectos de non actualizar os fluxos de efectivo non son significativos.

#### Valoración posterior

Os pasivos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse polo seu custo amortizado. Non obstante, os pasivos con vencemento non superior a un ano e que de acordo co disposto no apartado anterior se valoren inicialmente polo seu valor nominal, continuarán valorándose por dito importe.

A Sociedade dá de baixa os pasivos financeiros cando se extinguen as obrigacións que os xeraron.

Os intereses devengados contabilízanse na conta de perdas e ganancias, aplicando o método do tipo de interese efectivo, sempre e cando a súa incidencia na conta de perdas e ganancias non sexa significativa.

#### **4-5. Corrente/ non corrente**

No balance de situación que se achega clasifícanse como *correntes* os activos e débedas con vencemento igual ou inferior ao ano, e *non correntes* se o seu vencemento supera dito período.

#### **4-6. Imposto sobre beneficios**

O gasto por imposto sobre beneficios determínase mediante a suma do gasto por imposto corrente e o gasto por imposto diferido.

O gasto por imposto corrente determínase aplicando o tipo de gravame vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais e aplicadas no exercicio.

O gasto ou o ingreso por imposto diferido correspóndese co recoñecemento e a cancelación dos pasivos e activos por imposto diferido, así como, no seu caso, polo recoñecemento e imputación á conta de perdas e ganancias do ingreso directamente imputado ao patrimonio neto que poida resultar da contabilización daquelas deducións e outras vantaxes fiscais que teñan a natureza económica de subvención.

Os activos e pasivos por impostos diferidos proceden das diferenzas temporarias definidas como os importes que se prevén pagadeiros ou recuperables no futuro e que derivan da diferenza entre o valor en libros dos activos e pasivos e a súa base fiscal. Estes importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria o tipo de gravame ao que se espera recuperalos ou liquidalos. Os activos por impostos diferidos xorden, igualmente, como consecuencia das bases impositivas negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.

Os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporarias deducibles, só se recoñecen no caso de que se considere probable que a Sociedade vai ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos.

Con ocasión de cada peche contable revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) con obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións aos mesmos, de acordo cos resultados das análises realizadas.

#### 4-7. Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de devengo, é dicir, cando se produce a corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

O recoñecemento dos *ingresos por vendas* prodúcese no momento en que se transferiron ao comprador os riscos e beneficios significativos inherentes á propiedade do ben vendido, non mantendo a xestión corrente sobre devandito ben, nin retendo o control efectivo sobre o mesmo.

En canto aos ingresos por *prestación de servizos*, estes recoñécense considerando o grao de realización da prestación á data do balance, a condición de que o resultado da transacción poida ser estimada con fiabilidade.

Os ingresos pola venda de bens ou prestación de servizos recoñécense polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir derivada dos mesmos.

Os descontos por pronto pago, por volume ou outro tipo de descontos, así como os intereses incorporados ao nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración dos mesmos.

Non obstante, a Sociedade unicamente contabiliza os beneficios realizados á data de peche do exercicio, en tanto que os riscos e as perdas previsibles, aínda sendo eventuais, contabilízanse axiña que son coñecidos.

#### 4-8. Provisións e continxencias

O Consello de Administración da Sociedade na formulación das contas anuais diferencia entre:

- a) **Provisións:** saldos acredores que cobren obrigacións actuais derivadas de sucesos pasados, cuxa cancelación é probable que orixine unha saída de recursos, pero que resultan indeterminados en canto ao seu importe e/ ou momento de cancelación.
- b) **Pasivos continxentes:** obrigacións posibles xurdidas como consecuencia de sucesos pasados, cuxa materialización futura está condicionada a que ocorra, ou non, un ou máis eventos futuros independentes da vontade da Sociedade.

As contas anuais recollen todas as provisións con respecto ás cales se estima que a probabilidade de que se teña que atender a obriga é maior que pola contra. Os pasivos contingentes non se recoñecen nas contas anuais, senón que se informa sobre os mesmos nas notas da memoria, na medida en que non sexan considerados como remotos.

As provisións valóranse polo valor actual da mellor estimación posible do importe necesario para cancelar ou transferir a obriga, tendo en conta a información dispoñible sobre o suceso e as súas consecuencias, e rexistrándose os axustes que xurdan pola actualización de devanditas provisións como un gasto financeiro conforme se vai devengando.

A compensación a recibir dun terceiro no momento de liquidar a obriga, sempre que non existan dúbidas de que dito reembolso será percibido, rexístrase como activo, excepto no caso de que exista un vínculo legal polo que se teña exteriorizado parte do risco, e en virtude do cal a Sociedade non estea obrigada a responder; nesta situación, a compensación terase en conta para estimar o importe polo que, no seu caso, figurará a correspondente provisión.

#### **4-9. Prestación aos empregados: indemnizacións por despido.**

De acordo coa regulamentación vixente, a Sociedade está obrigada ao pago de indemnizacións aos empregados cos que baixo determinadas condicións rescinda as súas relacións laborais. O balance de situación, que se achega, non inclúe provisión algunha por este concepto dado que o Consello de Administración da Sociedade non espera que se produzan despedimentos de importancia significativa no futuro.

#### **4-10. Criterios empregados en transaccións con partes vinculadas**

Esta norma de valoración afecta ás partes vinculadas que se recollen na Norma 13ª de elaboración das contas anuais do Plan Xeral de Contabilidade de Pemes. Neste sentido:

- a) Entenderase que unha empresa forma parte do grupo cando ambas estean vinculadas por unha relación de control, directa ou indirecta, análoga á prevista no artigo 42 do Código de Comercio, ou cando as empresas estean controladas por calquera medio por unha ou varias persoas xurídicas que actúen conxuntamente ou se achen baixo dirección única por acordos ou cláusulas estatutarias.
- b) Entenderase que unha empresa é asociada cando, sen que se trate dunha empresa do grupo no sentido sinalado, a empresa ou as persoas físicas dominantes exerzan sobre esa empresa asociada unha influencia significativa, tal e como se desenvolve detidamente na citada Norma 13ª de elaboración das contas anuais.
- c) Unha parte considérase vinculada a outra cando unha delas exerce ou ten a posibilidade de exercer directa ou indirectamente ou en virtude de pactos ou acordos entre accionistas ou



partícipes, o control sobre outra ou unha influencia significativa na toma de decisións financeiras e de explotación da outra, tal como se detalla detidamente na Norma 13ª de elaboración das contas anuais.

As únicas operacións que, segundo o indicado anteriormente, poden considerarse como vinculadas, son as que a Sociedade realiza co seu único socio, o Concello de Santiago de Compostela, a prezos de mercado.

#### 4-11. Actuacións empresariais sen incidencia no medio ambiente.

A empresa non efectuou operacións que afecten ao medio ambiente, que requiran unha información especial, ou maior desagregación nas contas anuais adxuntas.

#### NOTA 5. INMOBILIZADO INTANXIBLE E INMOBILIZADO MATERIAL

Aquí realízase unha análise dos movementos do exercicio, neste capítulo do balance de situación, que se achega:

##### Exercicio 2014

Custo	Saldo 01/01/14	Entradas	Traspasos	Saídas/baixas ou reducións	Saldo 31/12/14
Inmobilizado Intanxible	26.771,93	0,00	0,00	0,00	26.771,93
Inmobilizado Material	854.270,09	9.402,40	0,00	9.674,88	853.997,61
<b>Total custo</b>	<b>881.042,02</b>	<b>9.402,40</b>	<b>0,00</b>	<b>9.674,88</b>	<b>880.769,54</b>

Amortización	Saldo 01/01/14	Dotacións	Traspasos	Saídas/baixas ou reducións	Saldo 31/12/14
Inmobilizado Intanxible	14.482,61	3.760,16	0,00	0,00	18.242,77
Inmobilizado Material	577.243,53	45.385,36	0,00	9.167,25	613.461,64
<b>Total amortizacións</b>	<b>591.726,14</b>	<b>49.145,52</b>	<b>0,00</b>	<b>9.167,25</b>	<b>631.704,41</b>

Correccións valorativas por deterioro	Saldo 01/01/14	Altas	Traspasos	Reversións	Saldo 31/12/14	V.N.C. 31/12/14
Inmobilizado Intanxible	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	8.529,16
Inmobilizado Material	59.391,30	0,00	0,00	0,00	59.391,30	181.144,67
<b>Total amortizacións</b>	<b>59.391,30</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>59.391,30</b>	<b>189.673,83</b>

- As altas máis significativas ocorridas no exercicio 2014 dentro do immobilizado material foron as seguintes: Ordenadores, pantallas e impresoras, gravador de vídeo para o sistema de vídeo vixilancia, sistema de aire acondicionado e marquesiña.

- As baixas máis significativas ocorridas no exercicio 2014 dentro do inmovilizado material foron as seguintes: gravador de vídeo do sistema de vídeo vixilancia, marquesiña, ordenadores, impresoras e moto. A baixa do ordenador do caixeiro da dársena de autobuses derivou nunha perda de 507,63 €, que se atopa reflectida no apartado 11 da Conta de Perdas e Ganancias.

### Exercicio 2013

Custo	Saldo 01/01/13	Entradas	Traspasos	Saídas/baixas ou reducións	Saldo 31/12/13
Inmovilizado Intanxible	12.381,41	14.390,52			26.771,93
Inmovilizado Material	848.856,30	20.115,94		14.702,15	854.270,09
<b>Total custo</b>	<b>861.237,71</b>	<b>34.506,46</b>	<b>0,00</b>	<b>14.702,15</b>	<b>881.042,02</b>

Amortización	Saldo 01/01/13	Dotacións	Traspasos	Saídas/baixas ou reducións	Saldo 31/12/13
Inmovilizado Intanxible	11.969,61	2.513,00			14.482,61
Inmovilizado Material	501.410,56	85.546,48		9.713,51	577.243,53
<b>Total amortizacións</b>	<b>513.380,17</b>	<b>88.059,48</b>	<b>0,00</b>	<b>9.713,51</b>	<b>591.726,14</b>

Correccións valorativas por deterioro	Saldo 01/01/13	Altas	Traspasos	Reversións	Saldo 31/12/13	V.N.C. 31/12/13
Inmovilizado Intanxible	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	12.289,32
Inmovilizado Material	0,00	59.391,30	0,00	0,00	59.391,30	217.635,26
<b>Total corrección valor</b>	<b>0,00</b>	<b>59.391,30</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>59.391,30</b>	<b>229.924,58</b>

- As altas máis significativas ocorridas no exercicio 2013 dentro do inmovilizado foron as seguintes:
  - Inmovilizado Intanxible:
    - Software de 3 pantallas na estación de autobuses
    - Software servidor.
    - Aplicación para a xestión de horarios de transporte.
  - Inmovilizado Material:
    - Ordenador, pantalla e impresora.
    - Sistema de cobro VISA instalado nos caixeiros automáticos dos aparcadoiros de XOÁN XXIII, da DÁRSENA e de BELVÍS. Estes sistemas de cobro substitúen aos sistemas de cobro por tarxeta antigos. Neste caso, estes sistemas de cobro supoñen unha renovación, e por tanto, déronse de baixa os elementos substituídos tomando como indicativo o importe da renovación, corrixido este pola taxa de inflación.
- As baixas máis significativas ocorridas no exercicio 2013 dentro do inmovilizado foron as seguintes:



- **Inmovilizado Material:**
  - Antigos sistemas de cobros por tarxeta que existían nos caixeiros automáticos dos parkings de XOÁN XXIII, da DÁRSENA e de BELVÍS. A baixa destes sistemas derivou nunha perda de 4.988,63 euros, que se atopa reflectida no apartado 11 da Conta de Perdas e Ganancias.
- As correccións por deterioro de valor recoñecidas no exercicio 2013 correspóndense co valor neto contable do investimento realizado no aparcadoiro en superficie situado na parcela "SUP-6 SANTA MARTA" (ver **Nota 4-2**). Este deterioro rexistrouse debido a que os investimentos mencionados perderon a súa capacidade para obter rendementos económicos futuros, ao acordarse polo Consello de Administración a gratuidade do aparcadoiro. Estas correccións valorativas por importe de 59.391,30 reflíctense no apartado 11 da Conta de Perdas e Ganancias do exercicio 2013.

**Outra información:**

- Os bens totalmente amortizados de inmovilizado intanxible e material son os seguintes:

CONCEPTO	Importe 2014	Importe 2013
<b><i>Inmovilizado Intanxible</i></b>	<b><i>11.731,41</i></b>	<b><i>11.731,41</i></b>
Aplicacións informáticas	11.731,41	11.731,41
<b><i>Inmovilizado Material</i></b>	<b><i>207.803,96</i></b>	<b><i>202.727,05</i></b>
Construcións	10.580,00	10.580,00
Instalacións técnicas	17.056,72	8.579,77
Maquinaria	208,78	208,78
Outras instalacións	131.776,75	133.556,80
Mobiliario	5.862,06	5.862,06
Eq. proceso información	10.022,45	13.024,24
Elementos de transporte	15.713,51	16.530,89
Outro inmovilizado material	16.583,69	14.384,51
<b>TOTAL</b>	<b>219.535,37</b>	<b>214.458,46</b>

- A política da Sociedade é formalizar pólizas de seguros para cubrir os posibles riscos a que están suxeitos os diversos elementos de inmovilizado material.

**NOTA 6. ACTIVOS FINANCIEROS**

a) No seguinte cadro preséntase a información dos activos financeiros do balance de situación da Sociedade, clasificados por categorías:

Clases	Instrumentos Financeiros a Longo prazo		Instrumentos Financeiros a Curto prazo		Total	
	Créditos, derivados e outros	Créditos, derivados e outros	Créditos, derivados e outros	Créditos, derivados e outros		
Categorías	2014	2013	2014	2013	2014	2013
<b>A.F. a custo amortizado</b>						
a) Fianzas e depósitos	0,00	32,46	0,00	0,00	0,00	32,46
b) Clientes por vendas	0,00	0,00	95.556,21	117.169,10	95.556,21	117.169,10
<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>	<b>32,46</b>	<b>95.556,21</b>	<b>117.169,10</b>	<b>95.556,21</b>	<b>117.201,56</b>

- **Instrumentos Financeiros a Longo prazo:** No exercicio 2014 non existen instrumentos financeiros a curto prazo, non obstante, no exercicio 2013 nesta partida figuraba unha fianza valorada a custo amortizado por 32,46 euros.
- **Instrumentos Financeiros a Curto prazo:** Nesta partida do balance a Sociedade posúe créditos comerciais (clientes e debedores) e non comerciais, valorados ao custo amortizado (que tal e como se indica na Nota 4.4 da presente memoria é igual ao nominal xa que os créditos non superan os 12 meses, e non teñen un tipo de interese contractual).

b) Correccións por deterioro del valor orixinadas polo risco de crédito:

A análise do movemento das contas correctoras representativas de perdas por deterioro orixinadas polo risco de crédito é o seguinte:

	Clases de activos financeiros	
	Créditos, derivados e outros	
	Curto Prazo	
Perdas por deterioro ó inicio do exercicio 2013	30.966,75	
(+) Correccións valorativas por deterioro	26.412,08	
(-) Reversión de deterioro	4.500,00	
Perdas por deterioro ó final do exercicio 2013	52.878,83	
Perdas por deterioro ó inicio do exercicio 2014	52.878,83	
(+) Correccións valorativas por deterioro	13.434,35	
(-) Reversión de deterioro	14.223,39	
Perdas por deterioro ó final do exercicio 2014	52.089,79	

As correccións de valor de créditos dotadas no exercicio 2014 e no exercicio 2013 correspóndense á partida do activo do balance B)II.1. *Clientes por vendas e prestacións de servizos*, por débedas comerciais impagadas.

## NOTA 7. PASIVOS FINANCIEROS

a) No seguinte cadro preséntase a información dos pasivos financeiros do balance de situación da Sociedade, clasificados por categorías:

Clases	Instrumentos Financeiros a Longo prazo		Instrumentos Financeiros a Curto prazo		Total	
	Derivados e outros	Derivados e outros	Derivados e outros	Derivados e outros		
Categorías	2014	2013	2014	2013	2014	2013
<b>P.F. a custo amortizado</b>						
a) Fianzas	2.078,27	2.078,27	5.115,33	5.655,33	<b>7.193,60</b>	<b>7.733,60</b>
b) Proved. de inmovilizado	0,00	0,00	2.855,82	9.467,04	<b>2.855,82</b>	<b>9.467,04</b>
c) Outros Acredores	0,00	0,00	73.258,87	76.181,53	<b>73.258,87</b>	<b>76.181,53</b>
<b>TOTAL</b>	<b>2.078,27</b>	<b>2.078,27</b>	<b>81.230,02</b>	<b>91.303,90</b>	<b>83.308,29</b>	<b>93.382,17</b>

- Instrumentos Financeiros a Longo prazo: nesta partida a Sociedade recolle o importe das fianzas recibidas pola xestión dos aparcadoiros que explota.
- Instrumentos Financeiros a Curto prazo: nesta partida do balance de situación a Sociedade recolle os débitos por operacións comerciais (acretores por operacións propias da actividade) e non comerciais (fianzas recibidas e provedores de inmovilizado).
- No seguinte cadro amósase a información das débedas segundo o ano de vencemento:

Partidas	2015	2016	2017	2018	≥ 2019	TOTAL
<b>Débedas</b>	<b>7.971,15</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>2.078,27</b>	<b>10.049,42</b>
3. Outras débedas	7.971,15	0,00	0,00	0,00	2.078,27(*)	<b>10.049,42</b>
<b>Acredores comerciais e ot. contas a pagar:</b>	<b>73.258,87</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>73.258,87</b>
2. Outros Acredores	73.258,87	0,00	0,00	0,00	0,00	<b>73.258,87</b>
<b>TOTAL</b>	<b>81.230,02</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>2.078,27</b>	<b>83.308,29</b>

(\*) As fianzas sen vencemento definido amósanse neste apartado.

- A Sociedade non ten débedas suxeitas a garantía real.

b) Aprazamento de pago:

Información sobre os aprazamentos de pago efectuados a provedores. Disposición adicional terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010 de 5 de xullo.

A lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, sinala: "As sociedades deberán publicar de forma expresa as informacións sobre os prazos de pago aos seus provedores na Memoria das súas Contas Anuais". Así mesmo, a resolución de 29 de decembro de 2010 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas dita a información a incluír na memoria en aras de cumprir coa citada lei.

Así pois, en función do establecido na norma terceira da mencionada resolución, e de acordo co criterio que recolle o Informe 58/10, de 23 de maio de 2011 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa "para os entes, organismos e entidades que, aínda pertencendo ao sector público estatal, non teña, sen embargo, a consideración de Administración Pública", subministramos a seguinte información:

Pagos realizados e pendentes de pago na data de peche do balance				
	Exercicio 2014		Exercicio 2013	
	Importe	%	Importe	%
Dentro do prazo máximo legal (60 días)	452.662,84	100	523.196,93	100
Resto				
<b>TOTAL PAGOS DO EXERCICIO</b>	<b>452.662,84</b>	<b>100</b>	<b>523.196,93</b>	<b>100</b>
PMEP (días) de pagos	0,00		0,00	
Aprazamentos que á data de peche sobrepasan o prazo máximo legal	0,00		0,00	
$\text{PMEP} = \frac{\text{Importe pagos excedidos} \times \text{n}^\circ \text{ días excedidos}}{\text{Importe total pagos excedidos}}$				

## NOTA 8. FONDOS PROPIOS

As variacións neste epígrafe dos Fondos Propios durante o presente exercicio foron as seguintes:

### Exercicio 2014

CONCEPTO	Saldo 01/01/2014	ADICIÓN	BAIXAS	CORRECCIÓN DE ERROS	TRASPASOS	Saldo 31/12/2014
Capital social	60.101,21	0,00	0,00	0,00	0,00	60.101,21
Reserva Legal	12.020,24	0,00	0,00	0,00	0,00	12.020,24
Reserva Estatutaria	629.334,63	0,00	0,00	0,00	-58.910,36	570.424,27
Aport. Socios compen. perdas	36.720,79	0,00	0,00	0,00	0,00	36.720,79
Perdas e ganancias	-58.910,36	52.644,92	0,00	0,00	58.910,36	52.644,92
<b>TOTAL</b>	<b>679.266,51</b>	<b>52.644,92</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>731.911,43</b>

### Exercicio 2013

CONCEPTO	Saldo 01/01/2013	ADICIÓN	BAIXAS	CORRECCIÓN DE ERROS	TRASPASOS	Saldo 31/12/2013
Capital social	60.101,21	0,00	0,00	0,00	0,00	60.101,21
Reserva Legal	12.020,24	0,00	0,00	0,00	0,00	12.020,24
Reserva Estatutaria	609.154,27	0,00	0,00	-12.624,47	32.804,83	629.334,63
Aport. Socios compen. perdas	36.720,79	0,00	0,00	0,00	0,00	36.720,79
Perdas e ganancias	32.804,83	-58.910,36	0,00	0,00	-32.804,83	-58.910,36
<b>TOTAL</b>	<b>750.801,34</b>	<b>-58.910,36</b>	<b>0,00</b>	<b>-12.624,47</b>	<b>0,00</b>	<b>679.266,51</b>



- **Capital Social**

O capital social subscrito e totalmente desembolsado, ascende á cantidade de 60.101,21 euros.

O capital social está distribuído en 100 accións de 601,01 euros cada unha delas, numeradas correlativamente a partir da unidade, todas nominativas, totalmente desembolsadas e subscritas polo Excmo. Concello de Santiago, socio único polo tanto de dita Sociedade.

Os accionistas con participación igual ou superior ao 10% do capital subscrito presentan o seguinte detalle:

- Excmo. Concello de Santiago de Compostela: 100%

- **Reservas**

O 10% dos beneficios debe destinarse á constitución da Reserva Legal, ata que dita reserva acade o 20% do Capital Social. O único destino posible da Reserva Legal é a compensación de perdas ou a ampliación de Capital pola parte que exceda do 10% do Capital xa aumentado.

No apartado de reservas recóllese a dotación á reserva legal por importe de 12.020,24 euros, acadando por tanto o 20% do capital social.

No exercicio 2014, o saldo das Reservas Estatutarias viuse diminuído en 58.910,36 euros pola distribución do resultado do exercicio anterior, no que se obtiveron perdas, segundo o acordo da Xunta Xeral de data 28 de maio de 2014.

No exercicio 2013, o saldo das Reservas Estatutarias viuse incrementado en 32.804,83 euros pola distribución do resultado do exercicio anterior, no que se obtiveron beneficios, segundo o acordo da Xunta Xeral de data 30 de maio de 2013.

No exercicio 2013 tamén se viron diminuídas as Reservas Estatutarias en 12.624,47 euros, pola corrección de erros de exercicios anteriores.

- **Outras Achegas de Socios**

No apartado A.VI, do patrimonio neto do Balance de Situación adxunto, recóllese o saldo restante das "Achegas dos socios para compensación de perdas", por importe de 36.720,79 euros, logo da compensación de perdas do exercicio 2003.

## NOTA 9. SITUACIÓN FISCAL

De acordo coa lexislación fiscal en vigor, todos os exercicios pasados, ate un máximo de catro anos están suxeitos a inspección por parte das autoridades fiscais. Dadas as múltiples interpretacións posibles da normativa fiscal, as distintas actitudes que poden adoptar os inspectores actuantes en cada caso e os distintos usos que a Sociedade decida facer dos mecanismos de defensa legal existentes, é imprevisible o desenlace final dos exercicios abertos a inspección e se deles se derivarán pasivos adicionais non contabilizados. Debe entenderse por tanto, que algún custo fiscal pode quedar inevitablemente diferido a exercicios futuros pola imposibilidade da súa estimación actual. O Consello de Administración considera que os custos adicionais non provisionados non terían un efecto significativo sobre o patrimonio neto da empresa.

A Sociedade realiza actividades comprendidas na letra b), apartado 2 do artigo 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases de Réxime Local, "Ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías públicas". Por tanto a Sociedade goza dunha bonificación do 99% sobre os rendementos obtidos na prestación de servizos relacionados con dita actividade, é dicir, sobre o canon da estación de autobuses, a xestión do transporte e sobre os resultados da Dársena de Xoán XXIII, destinada ao aparcadoiro de autobuses. No exercicio 2014 e 2013 non houbo rendementos.

O imposto de sociedades do exercicio calcúlase en base ao resultado contable, obtido pola aplicación de principios de contabilidade xeralmente aceptados, que non necesariamente han de coincidir co resultado fiscal, entendido este como a base imponible do citado imposto.

A conciliación do resultado contable do exercicio 2014 e anterior coa base imponible prevista do imposto sobre sociedades é como segue:

CONCILIACIÓN IMPOSTO DE SOCIEDADES 2014			
	AUMENTOS	DIMINUCIÓNS	IMPORTES
SALDO CUENTA DE PERDAS E GANANCIAS			52.644,92
IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES	17.548,31		17.548,31
BASE IMPOÑÍBEL PREVIA	70.193,23		70.193,23
COMPENSACIÓN DE PERDAS (-)			-70.193,23
BASE IMPOÑÍBEL- Resultado Fiscal			0,00
COTA INTEGRAL (25%)			0,00
TOTAL COTA LÍQUIDA			0,00
RETENCIÓNS E PAGOS A CONTA			18.683,77
IMPOSTO A DEVOLVER			-18.683,77

CONCILIACIÓN IMPOSTO DE SOCIEDADES 2013					
CONCEPTOS	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS		INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE Ó P.N.		IMPORTES
	AUMENTOS	DIMINUCIÓNS	AUMENTOS	DIMINUCIÓNS	
SALDO DE INGRESOS E GASTOS DO EXERCICIO		-58.910,36		-12.624,47	-71.534,83
IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES	3.518,49	23.155,27		4.208,16	-23.844,95
DIFERENZAS TEMPORAIS		14.073,94			-14.073,94
BASE IMPOÑÍBEL PREVIA		-92.621,09		-16.832,63	-109.453,72
COMPENSACIÓN DE PERDAS (-)					0,00
BASE IMPOÑÍBEL- Resultado Fiscal					-109.453,72
COTA INTEGRAL (25%)					0,00
TOTAL COTA LÍQUIDA					0,00
RETENCIÓNS E PAGOS A CONTA					19.972,40
IMPOSTO A DEVOLVER					-19.972,40





Activos por imposto diferido: Crédito por perdas compensar do exercicio.

De acordo coa lexislación vixente, as perdas dun exercicio poden compensarse, a efectos impositivos cos beneficios dos próximos exercicios:

Concepto	Ano de orixe	Bases impositibles xeradas	Bases pendentes de aplicar 31/12/13	Activo por imposto diferido 31/12/2013	Bases pendentes de aplicar 31/12/14	Activo por imposto diferido 31/12/2014
Bases impositibles negativas:	2013	109.453,72	109.453,72	27.363,44	39.260,49	9.815,13
<b>TOTAL:</b>		<b>109.453,72</b>	<b>109.453,72</b>	<b>27.363,44</b>	<b>39.260,49</b>	<b>9.815,13</b>

Os movementos dos activos por imposto diferido no exercicio son os seguintes:

	Crédito por perdas a compensar do exercicio	Activos por diferenzas temporais deducibles	Total
<b>Saldo a 01/01/2013:</b>	<b>0,00</b>	<b>3.518,49</b>	<b>3.518,49</b>
Altas do exercicio:	27.363,44	0,00	27.363,43
Aplicacións do exercicio:	0,00	3.518,49	3.518,49
<b>Saldo a 31/12/2013:</b>	<b>27.363,44</b>	<b>0,00</b>	<b>27.363,44</b>
<b>Saldo a 01/01/2014:</b>	<b>27.363,44</b>	<b>0,00</b>	<b>27.363,44</b>
Altas do exercicio:	0,00	0,00	0,00
Aplicacións do exercicio:	17.548,31	0,00	17.548,31
<b>Saldo a 31/12/2014:</b>	<b>9.815,13</b>	<b>0,00</b>	<b>9.815,13</b>

Os activos por imposto diferidos indicados anteriormente, rexistráronse no balance de situación por considerar o Órgano de administración da Sociedade que, conforme a mellor estimación sobre os resultados futuros da Sociedade, é probable que ditos activos sexan recuperados.

O detalle dos saldos mantidos coas administracións públicas, preséntase a continuación.

ORGANISMO	CONCEPTO	2014		2013	
		ACTIVO	PASIVO	ACTIVO	PASIVO
Facenda Pública	Por IVE	0,00	44.686,23	0,00	45.013,70
Facenda Pública	Por IRPF	0,00	23.349,20	0,00	23.848,03
Org. Seg. Social	TC1 mes de decembro	0,00	17.918,97	0,00	18.418,80
Facenda Pública	Imposto sociedades	18.683,77	0,00	19.972,40	0,00
	<b>TOTALES</b>	<b>18.683,77</b>	<b>85.954,40</b>	<b>19.972,40</b>	<b>87.280,53</b>

## NOTA 10. INGRESOS E GASTOS

### 10-1. Gastos de persoal

Detalle da partida 6 da Conta de Perdas e Ganancias (modelo pemes):

CONCEPTO	Saldo 31/12/2014	Saldo 31/12/2013
a) Soldos e salarios	611.179,55	597.562,41
b) Seguridade social á cargo da empresa	178.484,24	167.832,88
c) Outras cargas sociais	3.463,35	3.390,81
d) Gastos en formación	0,00	695,00
<b>6. Gastos de persoal</b>	<b>793.127,14</b>	<b>769.481,10</b>

### 10-2. Outros gastos de explotación

Detalle da partida 7 da Conta de Perdas e Ganancias (modelo pemes):

CONCEPTO	Saldo 31/12/2014	Saldo 31/12/2013
a) Servizos exteriores	397.600,45	424.381,27
b) Outros tributos	36.948,94	37.038,77
c) Perda de créditos comerciais incobrables	14.289,69	742,73
d) Perda por deterioro de créditos comerciais	13.434,35	26.412,08
e) Outras perdas en xestión corrente	0,00	20,09
f) Reversión do deterioro de créditos por operacións comerciais	-14.223,39	-4.500,00
<b>7. Outros gastos de explotación</b>	<b>448.050,04</b>	<b>484.094,94</b>

### 10-3. Outros resultados

Detalle da partida 12 da Conta de Perdas e Ganancias (modelo pemes):

CONCEPTO	Saldo 31/12/2014	Saldo 31/12/2013
Gastos Excepcionais	-2.909,89	-117,91
Ingresos Excepcionais	8.783,38	2.696,26
<b>12. Outros Resultados</b>	<b>5.873,49</b>	<b>2.578,35</b>

- **Gastos Excepcionais:** Dentro dos gastos excepcionais inclúense basicamente regularizacións varias, e tamén indemnizacións, sendo a mais significativa por importe de 2.464,00 euros, ocasionada por un roubo no aparcadoiro.
- **Ingresos Excepcionais:** Dentro dos ingresos excepcionais inclúense basicamente regularizacións varias, así como o cobro de indemnizacións de compañías de seguro, sendo

as mais significativas por un importe total de 7.188 euros ocasionada por danos nunha marquesiña, no aparcadoiro de Xoán XXIII e na estación de autobuses.

#### NOTA 11. OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS

A Sociedade realizou as seguintes transaccións co único socio, o Excmo. Concello de Santiago de Compostela, que se reflicte no seguinte cadro (IVE excluído).

PARTE VINCULADA	Concello de Santiago 2014	Concello de Santiago 2013
Servizos prestados	79.491,48	79.491,48

- A valoración destas operacións co socio único realizouse a prezos de mercado.
- Os servizos prestados ao Concello de Santiago consistiron basicamente nos ingresos polo arrendamento de espazos na estación de autobuses para o uso por parte do Concello.
- O saldo pendente por parte do Concello de Santiago por estas operacións de prestación de servizos no balance de situación que se achega a 31 de decembro de 2014 ascendía a 6.624,29 euros. A 31 de decembro de 2013 non existía ningún saldo pendente por este concepto.
- Non se efectuaron correccións valorativas por deterioro sobre saldos debedores de operacións co Concello de Santiago.
- Transaccións cos membros do Consello de Administración e detalle de participacións noutras sociedades:
  - Os membros do Consello de Administración recibiron durante o exercicio 2014 por asistencia a xuntanzas unha remuneración bruta total de 3.065,10 euros, e no exercicio 2013 recibiron unha remuneración bruta total de 9.646,05 euros polo mesmo concepto.
  - O persoal asignado a funcións de xerencia na sociedade percibiu un importe de 60.060,60 euros no exercicio 2014 e 59.210,71 euros no exercicio 2013 pola remuneración á realización efectiva das mencionadas funcións.
  - Os membros do Consello de Administración non recibiron anticipos, nin crédito algún durante o exercicio, nin tampouco existen obrigas contraídas en materia de pensións ou seguros de vida respecto dos antigos e actuais administradores.
  - Os membros do Consello de Administración manifestaron á sociedade que:

- Cumpriron o establecido no artigo 228 “Obrigas básicas derivadas do deber de lealdade” do Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo.
- Evitaron todas as situacións de conflito de intereses coa sociedade, e en concreto, que non realizaron ningunha das accións detalladas no artigo 229.1 do Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital.
- De acordo co indicado no artigo 229.3 do Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital, ningún membro de Consello de Administración, nin as persoas vinculadas a eles, se encontraron en situacións de conflito, directo ou indirecto co interese da sociedade.

## NOTA 12. OUTRA INFORMACIÓN RELEVANTE

- **Emprego medio por categoría e xénero:**

Categoría Profesional	EXERCICIO 2014			EXERCICIO 2013		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Xerente	1,00	0,00	1,00	1,00	0,00	1,00
Técnicos	1,00	1,00	2,00	1,00	0,00	1,00
Secretaria	0,00	0,00	0,00	0,00	1,00	1,00
Administrativos	0,00	2,00	2,00	0,00	2,00	2,00
Encargado	1,00	0,00	1,00	1,00	0,00	1,00
Inspector transporte urbano	1,00	0,00	1,00	1,00	0,00	1,00
Axentes aparcamento	15,33	6,56	21,89	15,07	6,59	21,66
<b>Total persoal medio</b>	<b>19,33</b>	<b>9,56</b>	<b>28,89</b>	<b>19,07</b>	<b>9,59</b>	<b>28,66</b>

- **Garantías comprometidas con terceiros**

A 31 de decembro de 2014, a “Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, SA” non tiña garantías comprometidas con terceiras persoas, nin físicas nin xurídicas, así como tampouco tiña prestados avales nin compromisos firmes de compra de activos fixos. A empresa non adquiriu accións propias.

- **Outra información**

Con data 11 de febreiro de 2013 a entidade deudora Santiago Dos, S.L., con CIF B15388473, foi declarada en concurso de acredores, polo Xulgado do Mercantil nº 2 de A Coruña. Dita sociedade tiña outorgada polo Concello de Santiago de Compostela a concesión administrativa para a explotación da cafetería da estación a autobuses dende o 2 de agosto de 1993 (data do contrato) por un período de 15 anos, podendo prorrogarse por 5 anos máis. Como consecuencia do cese definitivo de dita entidade no mes de febreiro de 2014, por conclusión dos 15 anos iniciais do período de concesión máis as correspondentes

prórrogas, 6 traballadores da empresa Santiago Dos, S.L., presentaron demanda solidaria contra TUSSA, por despedido improcedente, por considerar que había sucesión de empresa, reclamando unha cantidade global aproximada de 300.000 euros.

A finais de 2014, as sentenzas ditadas polos Xulgados do Social de Santiago de Compostela, referidas no punto anterior, resolveron que, á finalización da concesión que mantíña Santiago Dos S.L. non se produciu sucesión empresarial por TUSSA, nin por tanto a subrogación dos traballadores da cafetería, nin TUSSA foi polo tanto, responsable da extinción dos contratos nin das súas consecuencias. En consecuencia, e dada a inexistencia de responsabilidade por parte de TUSSA, o Consello de Administración estima que non se producirán saídas de fondos por este concepto no futuro, non sendo necesario realizar provisión algunha neste sentido.

Contra as anteditas sentenzas formalizouse recurso de suplicación, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por parte de tres traballadores, durante os primeiros meses de 2015.

Así mesmo, durante o primeiro trimestre de 2015 recibíronse novas demandas por outros conceptos, de 3 traballadores da empresa Santiago Dos, S.L., sen embargo como existe un proceso entre as mesmas partes, con idéntico obxecto e causa, que está pendente de decisión polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, non se pode interpoñer un novo procedemento, e no caso de que se inicie, deberá quedar en suspenso ata a resolución do primeiro. Segundo os informes dos asesores xurídicos, as posibilidades de que as novas demandas prosperen son moi poucas. Por estas razóns, o Consello de Administración estima que non é necesario realizar provisión algunha por estas novas demandas, á espera da resolución que adopte o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia aos recursos de suplicación.

### **NOTA 13. INFORMACIÓN SOBRE O MEDIO AMBIENTE**

Dada a actividade á que se dedica a Sociedade, a mesma non ten responsabilidades, gastos activos, nin provisións e continxencias de natureza medioambiental que puideran ser significativos en relación co patrimonio, a situación financeira e os resultados da mesma. Por este motivo non se inclúen detalles específicos na presente memoria respecto a información de cuestións medioambientais.

### **NOTA 14. ACONTECEMENTOS POSTERIORES AO PECHE**

Con posterioridade á data de peche do exercicio non se produciron acontecementos que afecten substancialmente aos Estados Financeiros referidos a aquela data ou que doutro xeito merezan ser reflectidos nas Contas Anuais.

## DILIXENCIA

### **FORMULACIÓN DAS CONTAS ANUAIS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2014, ASÍ COMO DA PROPOSTA DE APLICACIÓN DO RESULTADO.**


O Consello de Administración da SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO, SA (TUSSA), en sesión ordinaria celebrada o día 27 de marzo de 2015, formulou as Contas Anuais referidas ao exercicio pechado a 31 de decembro de 2014, así como a proposta de aplicación do resultado incluídos no presente documento, que se compón de 32 páxinas, incluída esta, referidas coa numeración da 1 á 32 escritas nunha soa cara e asinadas cada unha delas polo Sr. secretario do Consello de Administración, D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, sendo asinada esta dilixencia polos cinco membros de dereito do Consello de Administración e o propio Sr. secretario.

Don Alejandro Sánchez-Brunete  
 Varela



Presidente

Dona Teresa María Gutiérrez  
 López



Vicepresidenta/ vogal

Don Manuel Martínez Varela



Vogal

Don Gonzalo Muñíos Sánchez




Vogal

Dona Elvira Cienfuegos López



Vogal

Don Francisco Javier Castiñeira  
 Izquierdo



Secretario